



Tarxetón con todas as candidaturas para as eleccións presidenciais de Venezuela.

Caricatura: Asamblea Electoral de Venezuela

—Análise

Venezuela: as eleccións van contra vento e marea



Farruco Sesto
Ex ministro de Cultura do Goberno venezolano

Se imos comentar as eleccións en Venezuela, hai que comezar aludindo a un factor autonomado da ecuación electoral que son os EEUU. Vexamos.

Poucos países están tan intrinsecamente unidos á violencia como os EEUU. Lémbrense os seus tempos fundacionais, co exterminio dos pobos orixinais, as súas guerras civís, o seu inmenso prontuario de guerras externas, promoción de golpes de Estado, invasión de países, e asasinato de líderes nos dous últimos séculos. Así como o seu

xigantescos aparellos militares despregados en todos os continentes. A conta de que? Lémbrense tamén o intenso resaiño pola violencia que se constata nas reviravoltas da súa propia vida cotiá. De maneira que, como nación, non é que coexista coa violencia, senón que representa a violencia mesma, a súa quintaesencia.

Nas súas estruturas de dominación imperial adoita asociarse cos sectores máis dispostos á violencia en cada país. E cando non os hai en grao suficiente para os seus intereses, entón créalos a través dos seus servizos de intelixencia.

A violencia como instrumento

Iso é parte da historia de América Latina, e, en consecuencia, da de Venezuela, coa violencia apadrinada polos EEUU, tal como a sofre o pobo venezolano. En certos momentos, en forma de opresión governamental, coa súa conseguente represión xorda,

— Venezuela vai cara á súa 7ª elección presidencial desde 1998, cun só candidato de esquerda, Nicolás Maduro, e un abano de candidatos de dereita

estrutural, como no caso dos gobernos entre 1959 e 1998, cos seus miles de presos, asasinados políticos e desaparecidos. Noutros momentos, como no presente, ante a osadía dun pobo de converterse en goberno, cunha violencia desenvolvida en forma de subversión nada escrupulosa, desde a oposición. Vale dicir, desde as diferentes organizacións da dereita que, unhas máis, outras menos, algunhas oscilando e outras metidas ata o pescozo, coincidiron na disposición para derrocar o goberno por calquera vía.

Sucede que é nese exercicio da violencia onde certos sectores desa dereita traspasaron todos os límites para penetrar nos terreos do fascismo. Todo iso como parte dun plan e co consentimento dos EEUU.

Véxase, por exemplo, a ensamblexativa operativa que se concretou entre os sectores máis agresivos da oligarquía e as bandas paramilitares, narcotraficantes, delinquentes, grupos e individuos antisociais e desarraigados, que son produto da descomposición da propia sociedade burguesa.

Véxase, tamén, a carga ideolóxica neofascista que se reflicte no pensamento e as accións desa dereita extrema. Vale destacar, entre outros trazos, o apego á

violencia como instrumento predilecto, o cultivo do odio cara ao pobo traballador, o racismo, o elatismo, o desprezo aos desposedos... Todo iso está alí presente.

É aínda por riba, para rematar a estrutura da idea, obsérvase a supeditación do núcleo dirixente oligárquico desa dereita extrema aos axentes externos neocoloniais, (léase EEUU e UE), para participar en golpes de Estado, promover sancións contra o seu propio país, solicitar invasións militares contra el, colaborar no saqueo dos seus recursos no exterior, planificar atentados e, en xeral, sentirse sempre dispostos á utilización da violencia como recurso político.

28 de xullo, eleccións

Con este panorama enturbando gravemente a vida democrática de Venezuela hai que valorar de maneira moi positiva o xenio político dos líderes bolivarianos, así como a dignidade e resistencia do pobo venezolano que, no medio dun bloqueo total e terrible, e dun asedio mediático con poucos precedentes, soubo derrotar a violencia episódica e manter a paz social, sen interromper os ciclos electorais establecidos na constitución.

Así as cousas, Venezuela xa está encamiñada á súa sétima elección presidencial desde 1998. Vai cun só candidato de esquerda, Nicolás Maduro, e un abano de candidatos de dereita. O día fixado é o 28 de xullo. Ese día os venezolanos irán votar cun sistema electoral perfecto, que se pode verificar ao 100% e totalmente deseñado a proba de manipulacións.

Con todo, a dereita neofascista, mentres se presenta ás eleccións e ao mesmo tempo conspira, seguirá falando antes e despois do resultado, de eleccións fraudulentas, non democráticas e non cribles. E con toda seguridade, a hexemonía mediática occidental ofreceranos esa visión torcida dos feitos: a dun réxime que busca perpetuarse no poder.

Menos mal que o pobo de Venezuela, heroico como é, digno como é e teimudo como é, xa está curado de espantos. Todo apunta a que a revolución bolivariana continuará o seu rumbo con Nicolás Maduro como presidente e xefe do Estado.